

***Aguas de La Coruña 1903-2003. Cien años al servicio de la ciudad***

ALBERTE MARTÍNEZ [dir.], LUIS GIADÁS, JESÚS MIRÁS,  
CARLOS PIÑEIRO, GUSTAVO REGO  
Madrid: LID. 2004  
[310 páxinas]

*Recibido:* 14 de abril de 2009

*Aceptado:* 14 de maio de 2009

Coa modernidade, a auga pasou a representar un servizo mercantilizado. O sistema de abastecemento experimentou unha substancial transformación, coa desaparición de determinados traballos e coñecementos tradicionais e coa emerxencia de empresas especializadas na subministración de auga potable nas cidades industriais. Esta obra non só analiza polo miúdo as principais etapas da evolución histórica da empresa subministradora herculina, senón que ten o mérito de inserir o dito proceso en dous debates teóricos de grande importancia, ofrecendo elementos fundamentais de análise para futuras investigacións. En primeiro lugar, os autores realizan un esforzo por contextualizar o desenvolvemento do proxecto empresarial nas tendencias máis xerais da economía local, contribuíndo a unha maior comprensión e valorización do impacto que as redes empresariais locais tiveron na provisión dos servizos públicos elementais. En segundo lugar, fundamentan dunha maneira rigorosa e baixo unha aproximación metodolóxica relevante as razóns que levaron á transformación histórica do dito proxecto, tanto cando se renuncia a conceder o servizo aos capitais foráneos a principios de século como, sobre todo, ao analizar o proceso que concluirá na municipalización da subministración na década dos anos sesenta.

A publicación consta de seis capítulos, cada un dos cales aborda un período histórico delimitado e as características máis importantes dese período. No primeiro capítulo considérase a etapa previa á constitución da compañía. O notable crecemento demográfico e a incipiente industrialización das cidades galegas poñen en evidencia as limitacións do sistema clásico de acceso á auga potable. Os reformistas sociais e as correntes hixienistas, que mostraban unha crecente preocupación polo deplorable estado da saúde pública nas urbes decimonónicas, cominaron aos poderes locais a modernizar os obsoletos sistemas de aprovisionamento de auga das súas poboacións. Coma no caso doutros servizos públicos e como ocorreu noutras cidades do país, o capital estranxeiro tivo un protagonismo destacado na pugna pola concesión do servizo aínda que, neste caso, as constantes dilacións na execución da concesión e as reclamacións xudiciais entre as partes impediron que o proxecto se fixese completamente efectivo.

No segundo capítulo descríbese o proceso de constitución de *Aguas de La Coruña* a partir da iniciativa da burguesía local. De forma interesante analízase a in-

serción deste proceso no desenvolvemento da economía coruñesa, de tal maneira que aparecen claramente definidas as características do capitalismo local no marco das tendencias máis xerais da época. Apréciase unha estreita vinculación co capital bancario (Banco Pastor), e tamén unha presenza destacada de importantes grupos empresariais locais de carácter familiar que, entrelazándose en diversos proxectos empresariais de envergadura arredor do conxunto de servizos públicos, como os tranvías ou a electricidade, configuran un tecido socioeconómico compacto e dinámico, que no caso da empresa de augas se verá enriquecido pola achega específica de enxeñeiros que se encargarán de xestionar de forma duradeira o proxecto, dadas as peculiaridades tecnolóxicas do servizo. Nos seus primeiros pasos a empresa viviu nun permanente estado de incerteza sobre o seu futuro, debido aos baixos niveis de rendibilidade como consecuencia do reducido número de abonados. Pero, na nosa opinión, isto non xustifica os dous graves problemas que sobresaíron naquela etapa, se temos en conta as características de monopolio natural da concesión. Por un lado, as tarifas coruñesas eran das máis elevadas de España e mesmo de Europa; por outro lado, o lento desenvolvemento das infraestruturas, que sempre ía por detrás da demanda xerada polo crecemento urbanístico. Debido a ambas as dúas cuestións, a situación derivou en recorrentes conflitos coas comunidades veciñais.

No terceiro capítulo abórdase a expansión anterior á Guerra Civil. O número de abonados aumentou sensiblemente, xeneralizándose os contadores como sistema para o cómputo do consumo e a facturación do servizo. O forte peso das cargas fixas na estrutura de custos da empresa provocou unha redución significativa do gasto medio por abonado, malia a ampliación da rede e da introdución de novas tecnoloxías para o control hixiénico e bacteriolóxico da auga (no ano 1927 o Goberno Civil aínda sancionou a *Aguas de La Coruña* cunha multa de 1.000 pesetas ao producirse un rebrote de febres tifoides na cidade). Aínda así, as tarifas continuaron sendo denunciadas por abusivas, a pesar de que se abarataron en comparación con outras cidades, e a estratexia da empresa seguiu consistindo en esperar a que o crecemento da demanda insatisfeita permitise alcanzar elevados niveis de rendibilidade, o que provocou ameazas de municipalización durante o período republicano. Con todo, os maiores enfrontamentos entre o Concello e *Aguas de La Coruña* durante este período debéronse principalmente á acumulación de débedas municipais coa empresa, unha problemática que se resolvería no marco da conflitiva negociación dunha segunda concesión.

O cuarto capítulo analiza o período comprendido entre os anos 1938 e 1956. A situación caracterizouse por un problema persistente de escaseza de auga, que se concretaba en cortes da subministración. As infraestruturas eran insuficientes para cubrir o crecente consumo na cidade. Neste período, o número de abonos creceu un 70%, facéndoo tamén o consumo medio realizado por cada cliente. Por este motivo xurdiu a necesidade de solicitar novas concesións para incrementar o caudal de auga. En varias ocasións o financiamento das obras vinculadas coa mellora do servizo e coa ampliación do caudal estipuladas nas novas concesións intentou abordarse

mediante unha serie de ampliacións de capital, aínda que as ditas proposicións non sempre frutificaron. De feito, a situación financeira da compañía era bastante complicada. A intensa inflación sufrida na posguerra española ocasionou unha forte redución do valor real da recadación, mentres que os custos de explotación aumentaron como consecuencia da escaseza de materiais e insumos tecnolóxicos na autarquía. Por conseguinte, a marxe de explotación reduciuse significativamente desde o ano 1939. Os elevados investimentos relacionados coas novas obras requirían sucesivos incrementos das tarifas, que non sempre contaron co beneplácito do poder municipal. O seu interese por controlar as tarifas e a estratexia de expansión da subministración de auga provocou que a idea de municipalizar o servizo reaparecese gradualmente. No ano 1949 o Concello abriu un expediente de municipalización, que contou coa resposta hostil da empresa. Porén, os comportamentos cambiarán nas seguintes décadas, e niso terán que ver en gran medida os cambios posteriores no marco regulador.

Desde o ano 1941 a empresa padecía un déficit persistente de recursos líquidos, pero aínda que non existía un risco inminente de insolvencia, a necesidade de ampliar a rede e a perspectiva de novas obras obrigaron a unha nova ampliación de capital no ano 1958, que se trata no capítulo quinto. O forte desequilibrio previsto entre a oferta e a demanda fixo destes anos un período de discusión sobre os proxectos máis adecuados para frear as inevitables restricións no servizo. En concreto, baralláronse dúas alternativas: a creación dun embalse no río Mero e o transvasamento á súa conca de auga dos ríos Mandeo e Mendo. No ano 1965 aprobouse o proxecto de ampliación, que consistía nunha nova presa de regulación (Cecebre), nunha nova planta de tratamento de auga (A Telva) e nunha nova conducción de alimentación á cidade. Porén, estes proxectos non chegaron a realizarse en moitos casos ata máis adiante.

Durante este período A Coruña experimentou un intenso crecemento demográfico e industrial, que en boa parte explica a crecente incapacidade dunha empresa privada para afrontar a subministración de auga potable na cantidade e na calidade requiridas. Aínda que a nova concesión baseada no proxecto de ampliación foi outorgada ao Concello e posteriormente transferida a *Aguas de La Coruña*, o debate sobre a municipalización do servizo chegou para ficar. No ano 1963, o municipio realizou unha proposta á sociedade baseada en outorgar a concesión do servizo mediante un canon de arrendamento igual á anualidade que debería satisfacer o Concello para municipalizar o servizo en corenta anos. A empresa chegou a un compromiso sobre a forma de pagamento previo acordo no prezo de adquisición das accións da sociedade, que coincidiu co prezo de cotización no mercado. Durante un tempo a situación foi confusa a nivel legal, o que repercutiu negativamente na programación dos investimentos, pois a empresa continuou gozando dunha forma tipicamente privada, aínda que na súa esencia era totalmente pública.

No sexto capítulo abórdase o período máis recente. Como xa anticipamos, os anos sesenta e setenta estiveron marcados por dous debates relacionados entre si: a ampliación da capacidade de abastecemento e a municipalización do servizo. A de-

bilidade financeira da empresa paralizou algúns proxectos de investimento, e isto obrigou ao Concello a dar un paso máis transcendental que adquirir o capital da empresa, abrindo un expediente de municipalización. Ata o ano 1978 prevaleceu a indefinición. Nese ano constituíuse a *Empresa Municipal Aguas de La Coruña (EMALCSA)*, que se fusionaría por absorción con *Aguas de La Coruña*. Pero non foi ata o ano 1986 cando EMALCSA asumiu a totalidade dos contratos de subministración e o conxunto da xestión do abastecemento. Desde aquela produciuse unha importante consolidación na garantía do servizo, como resultado dos seguintes factores: a actualización anual das tarifas (que experimentaran un crecemento inferior ao IPC), as melloras introducidas no abastecemento das zonas deficitarias (e na área metropolitana) e a apertura de novas liñas de negocio. Os anos noventa representaron a verificación deste proceso de recuperación, que permitiu mellorar sensiblemente a rendibilidade da compañía.

Finalmente, os autores realizan unha síntese das principais conclusións do traballo. Por un lado, subliñan o decisivo papel da banca local e dos vínculos familiares entre as clases podentes coruñesas no impulso definitivo do proxecto empresarial e na súa estabilidade ao longo do tempo, despois de que infrutuosos intentos de atraer capitais foráneos puxeran en evidencia o carácter especulativo destes últimos. Este “capitalismo familiar” articulado en torno á dirección dunha banca comprometida co desenvolvemento local e rexional constitúe unha “institución” digna de ser analizada historicamente en estudos cun carácter máis xeral. Durante o primeiro terzo do século XX a sociedade foi consolidándose a medida que a súa base de clientes se ampliaba e que se producía un maior control sobre os custos de explotación. Posteriormente o crecemento demográfico da cidade marcou en boa medida o ritmo dos acontecementos, pois a permanente ameaza de restricións na subministración só se resolveu coa construción do embalse de Cecebre nos anos setenta. De forma recorrente obsérvase unha considerable dilación entre a solicitude das concesións e a súa execución definitiva, o que pon ao descuberto a existencia de ineficiencias institucionais na regulación dos servizos de abastecemento de auga durante o período franquista. Actualmente EMALCSA concentra os seus esforzos en mellorar a xestión dos recursos hidráulicos, evitando as fugas e fortalecendo a eficiencia da rede. Aínda que municipalizada, a empresa continúa mantendo unha importante marxe de autonomía, simbolizada na continuidade do equipo xestor. En perspectiva, as tendencias parecen inclinarse cara á problemática dunha mellor regulación da demanda de auga, en lugar de seguir concentrándose na cuestión da oferta mediante decisións de investimento en infraestruturas. Neste sentido, EMALCSA debería complementar o seu interese pola eficiencia na xestión da auga con medidas orientadas ao aforro no seu consumo. Por último, o libro remata cun anexo estatístico e documental.

Finalmente gustaríanos apuntar unha serie de observacións críticas en relación co enfoque do traballo, que en nada desmerecen o rigor e o esforzo que se reflicten no conxunto da publicación. Tratándose da análise histórica dunha empresa que ofrece un servizo público como a subministración de auga potable, cremos que a

atención dos autores se concentra excesivamente nos aspectos internos da compañía, non só porque a análise financeira da entidade desenvolve un papel demasiado protagonista na explicación (o que se xustifica en parte polo intento de abordar un marco comprensivo do proceso de municipalización da empresa), senón tamén porque cuestións tan importantes como o impacto dos cambios na regulación ou os efectos externos relacionados coa evolución da subministración de auga na cidade se tratan de forma máis secundaria. Na nosa opinión, as polémicas en torno á fixación das tarifas, a política de investimentos ou a propia forma xurídica da empresa non poden abordarse integralmente sen ter en conta ambos os dous aspectos. Neste sentido tamén é sintomático que os comentarios de historia social introducidos ao final dalgúns capítulos se reduzan ao ámbito das relacións laborais no interior da empresa, deixando de lado unha análise máis documentada da conflictividade social relacionada coas protestas veciñais en torno á elevación das tarifas, á colocación dos contadores, aos cortes de subministración ou á calidade da auga.

ALFREDO MACÍAS VÁZQUEZ  
Universidade de Santiago de Compostela